



.....

**Xornada**

# **Cando arde o mar**

## **Saberes compartidos**

.....

**Centro de Interpretación do Patrimonio Marítimo Conserveira de Sel**

Muros

9 de xullo de 2022



Este proxecto do Instituto de Investigacións Mariñas, Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC) e o Consello da Cultura Galega (CCG), en colaboración con Culturmar, quere establecer un diálogo entre o coñecemento científico e o coñecemento tradicional e experiencial arredor da ardora, a bioluminiscencia producida pola proliferación de fitoplancto. Esta proliferación –xeralmente da especie *Noctiluca scintillans*, pero tamén doutras especies– está relacionada coa oceanografía e o ciclo estacional do fitoplancto, que afectan directamente á produción de recursos pesqueiros.

O fenómeno, tamén chamado ardentía, está moi presente na cultura mariñeira, e será o fío condutor dun diálogo entre o ámbito científico, explicando as bases biolóxicas, as causas e a súa relación coas actividades pesqueiras, e as denominacións que ten no noso idioma; a xente do mar, achegando o coñecemento tradicional no ámbito pesqueiro; e artistas con obra directamente conectada coa ardora ou outros fenómenos de bioluminiscencia na natureza.

O público asistente poderá observar *in situ* a bioluminiscencia de cultivos de microalgas, nunha instalación desenvolvida polo persoal do IEO e o IIM.

Imaxe da portada: Ardora na praia de Soesto ©ana garcía

## Programa

---

19:00 horas

Inauguración

**Rosario Álvarez**, presidenta do Consello da Cultura Galega  
**Pepe Pintado**, vicedirector de Cultura Científica do Instituto de Investigacións Mariñas, Consello Superior de Investigacións Científicas (IIM-CSIC)

**Pepe Sacau**, presidente de Culturmar

19:10 horas

**Mesa de relatorios e coloquio**

Modera: **Luisa Martínez**, oceanógrafa, autora e ilustradora de álbums informativos e responsable da Unidade de Cultura Científica do CSIC en Galicia

*Por que din que arde o mar? Os segredos da ardora*

**Francisco Rodríguez Hernández**, investigador do Centro Oceanográfico de Vigo do Instituto Español de Oceanografía (IEO-CSIC), no grupo de investigación VGOHAB, experto en microalgas e ecoloxía do fitoplancto (<https://fitopasion.com/o-autor>)

*A morte das noctilucas*

**Xosé Iglesias Lamela**, mariñeiro, capitán de pesca e poeta

*Mar de ardora na paisaxe*

**Ana María García Suárez**, fotoxornalista de *La Voz de Galicia* desde 1999, autora do libro *Mar de Ardora* e coautora con outros astrofotógrafos galegos do libro *Na procura da noite. Fotografando o ceo nocturno*

*Ardora e ardentía na fala mariñeira e no galego literario*

**Francisco Fernández Rei**, catedrático de Filoloxía Románica da USC e responsable do Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega

*Inconsciente e enerxía*

**Fernando Casás**, artista plástico experimental que vive entre España e Brasil, iniciador do movemento de Arte & Natureza e profesor doutor e investigador na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo

20:30 horas

Coloquio coa participación especial de **Primitivo Pedrosa González**, vicepatrón maior da Confraría de Pescadores de Muros, con máis de 25 anos de experiencia como patrón de embarcacións de pesca artesanal e veciño de Carnota, onde adoitan “arder as aghuas” no verán

## **Organizan**

Consello da Cultura Galega

Instituto de Investigacións Mariñas - Consello Superior de Investigacións Científicas

Culturmar. Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial

## **Colabora**

Concello de Muros

## **Lugar**

Centro de Interpretación do Patrimonio Marítimo Conserveira de Sel

Avda. Porteliña, s/n

Muros

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

---

## **Organiza:**



## **Colabora**

